

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos 12, 28b-34

Naquel tempo, acercouse a Xesús un letrado e preguntoulle:

– «¿Cal é o mais importante de todos os mandamentos?»

Respondeu Xesús:

– «O primeiro é: ”Escoita, Israel: o Señor é o noso Deus, é o único Señor. Amarás o Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma, con toda a túa mente e con toda a túa forza.” O segundo é este: “Amarás o teu próximo coma a ti mesmo.” Non hai mandamento máis importante ca estes.»

O letrado replicou:

– «Moi ben, Mestre, estás no certo cando dis que é único e non hai outro fóra del; e que amalo con todo o corazón, con todo o entendemento e con toda a forza, e amar o próximo coma a un mesmo, é mais importante do que todos os holocaustos e sacrificios.»

Xesús, vendo que respondera con moito tino, díxolle:

– «Non estás lonxe do Reino de Deus.»

E ninguén se atreveu a facerlle máis preguntas.